

Galedusa



Revista do Colexio de Educadores Sociais de Galicia - Nº 3 • Prezo: 1,5 Euros



**Colexio de Educadores
Sociais de Galicia**

Rúa Gómez Ulla, 7 - 3º
15702 Santiago de Compostela
(A Coruña)



cesg@colexioeducadores.com



www.colexioeducadores.com



981 55 22 06



981 93 82 74

*CESG non se fai responsable,
nin ten por qué identificarse
necesariamente coas opinións expresadas
nesta publicación.*

*Fotografía páx. 4, Vladimir Rolov
Fotografía páx. 10, Victor Silkin*

Edita: Colexio de Educadores Sociais de Galicia

Equipo de Elaboración
da Revista

VOCALÍA DE
COMUNICACIÓN DO CESG.

XUNTA DE GOBERNO DO CESG.

Ilustración portada


CALINA LAVANDEIRA

Ilustracións Interior

ÁNXELA PAZ RODRIGUEZ

Deseño e preimpresión

CORMORÁN
produccións dixitais



Galeduso Nº 3

EDITORIAL	3
INVESTIGACIÓN	4
DE ACTUALIDADE	9
PRÁCTICA PROFESIONAL	11
CESG INFORMA	14
A ASEMBLEA CONSTITUÍNTE	17
BARCO DE PAPEL	22
BUZÓN OPINABLE	23



"A REVISTA GALEDUSO DAVOS A BENVIDA Á SÚA NOVA ETAPA"

Dende o Colexio de Educadores Sociais de Galicia, e especialmente dende a vocalía de comunicación, dámosvos a todos e todas os colexiados e colexiadas, ademais de a todo o colectivo de profesionais do social, a benvida á nova etapa da revista Galeduso.

É un pracer convocarvos á participación naqueles temas que nos afectan e interesan como educadores e educadoras sociais, tanto dende a lectura do que analizamos nos contidos da revista, como a vosa aportación dos coñecementos como axentes sociais e das realidades que vivenciedes nos ámbitos onde se desenvolva a vosa profesión.


Galeduso continuará editándose respectando o proceso da súa etapa anterior, o que significa que seguirá sendo unha publicación de carácter semestral. Os seus contidos respectarán o modelo de edicións anteriores na medida do posible, sempre aberta a novas posibilidades que ofertedes tódolos/as lectores/as ademais das que se plantexen dentro da vocalía de comunicación.

Queremos resaltar que para nós son moi importantes tódalas aportacións que poidades dirixir ó colexio en relación á devandita revista, pois é un traballo de tódolos axentes implicados na Educación Social; un traballo en forma de letras, como resultado do esforzo de moitos, que invitan á reflexión de experiencias e realidades que temos preto de nós.

Coincidindo a primeira edición da nova etapa de Galeduso co aninovo 2004, aproveitamos a ocasión para desexarvos un moi feliz ano; que esta felicidade sexa compartida e repartida entre todos e todas, e que os vosos proxectos se fagan realidade.

Un abrazo ós nosos lectores e lectoras.

Vocalía de comunicación do CESG.



Fot. Vladimir Rolov

A educación social ó servizo do novo modelo de ser maior

Gonzalo Berzosa Zaballos
Director do Instituto de Gerontoloxía y Servizos Sociais

Reflexións sobre os cambios que están vivindo as persoas maiores hoxe e as aportacións que os profesionais da educación social poden desenvolver para consolidar o novo modelo de ser maior hoxe: activo, solidario e comprometido na dinámica social.

INTRODUCCIÓN, a xeito de conto

Segundo contan moitos avós, non hai moito tempo as persoas maiores envellecían rodeadas dun ambiente familiar onde os fillos se repartían as tarefas de atención, coidado e cariño. Cando a saúde era cada día máis penosa os servizos sanitarios sumábanse ó coidado familiar. Desta maneira, a maioría das persoas maiores sabía que as necesidades dos seus últimos días sempre estarían cubertas. Isto xa llo viran facer ós seus pais e estaban seguros que se repetiría con eles. Era o tradicional e a maneira máis doada de envellecer.

En xeral todo se resumía en permanecer onde un vivira sempre compartindo os afectos en medio dun bulicio que paliaba as situacións de fragilidade. O avó, a avoa, eran punto de referencia da dinámica familiar e estaba obrigada a súa presenza nos numerosos acontecementos sociais dos que eran protagonistas os seus netos. E así transcorría a maioría das vidas dos maiores. Envellecían cos fillos e case non se notaba que pasaba o tempo porque nacían novos nenos ou nenas que aportaban ilusión, novidade e comentario cotián.

Había outras persoas maiores que non tiñan cerca unha familia, ben porque non a constituían, porque se distanciaron dela ou porque os fillos non tiveron máis remedio que emigrar na procura de traballo. O seu número non era moi significativo. Envellecían sós e pechaban as súas vidas en silencio. Eran, dalgunha maneira, os máis afortunados porque había outro grupo de maiores que á carencia de relacións familiares engadían a escaseza de recursos económicos e unha cada día máis precaria saúde. Éstes terminaban os seus días nun centro apropiado para eles que chamaban asilo que se mantiña pola entrega cotiá dunha Congregación Relixiosa co aporte da fría e lonxana axuda de persoas adineradas, que facían caridade.

Esta breve descrición recórdanos cómo envellecían antes as persoas maiores, que case sempre se repetía da mesma maneira: a medida que

augmentaban en idade esperábaos a súa propia familia, o lonxano asilo ou a soidade da súa casa. Así foi durante moito tempo. As persoas maiores non plantexaban grandes problemas á sociedade xa que non eran un colectivo moi numeroso en relación ó resto da poboación. Foron tempos nos que a sociedade se aglutinaba fundamentalmente en torno ó mundo rural e as persoas maiores permanecían activas aportando a súa experiencia nas tarefas do campo onde sempre había algo que facer mentres vían medrar ós seus fillos e netos dende o balcón familiar.

En qué sociedade envellecen as persoas maiores HOXE

Sen embargo hoxe, as cousas cambiaron. Ser maior ó comezo do século XXI supón envellecer nunha sociedade de cambios acelerados e inesperados, algúns dos cales afectan directamente ás persoas maiores e repercuten no modelo familiar no que pensaban que ían envellecer.

Cando os maiores de hoxe eran nenos tamén cambiaba a sociedade pero os cambios eran lentos e dábanse preferentemente no entorno máis cercano, no seu propio pobo. Hoxe, sen embargo, os cambios son rápidos, inesperados e afectan non só ó local senón tamén a toda a sociedade e ó país en xeral.

Os cambios esixen que nos adaptemos a eles pero algunhas persoas maiores non dispoñen dos recursos necesarios para vivir situacións novas que superen modelos antigos de ser maior. Adaptarse ós cambios é un bo síntoma de saúde psicosocial. Os chineses que saben moito porque son moitos (acordémonos que ninguén sabe tanto coma todos xuntos) din que se empeza a envellecer cando se deixa de aprender. Aprender para as persoas maiores significa estar aberto ó mundo que os rodea, seguir atento ó que pasa ó seu arredor, ter curiosidade polas cousas novas que aporta a sociedade e preguntarse cál é o papel que deben e poden cumprir na familia e na sociedade.

Investigación

Como resumo das novas situacións que viven as persoas maiores pódense destacar tres ideas que engloban os modelos de envellecemento activo e que van encadra-las actividades dos educadores sociais. As tres ideas son as seguintes:

1. ENVELLECER É CRECER, CAMBIAR

Polo tanto hai crecemento e declive ó longo de toda a vida

2. NON É O MESMO ENVELLECIMENTO BIOLÓXICO QUE ENVELLECIMENTO PSICOLÓXICO

3. ENVELLÉCESE MÁIS RAPIDAMENTE CANTO MÁIS SE APARTA UN DO QUE O RODEA. Esta pode se-la razón pola que o "SENTIRSE" o "VERSE VELLO" depende moitas veces de tres factores:

- A INACTIVIDADE
- O ABURRIMENTO
- O AILLAMENTO

Algúns cambios que afectan directamente ó colectivo de persoas maiores.

A) En primeiro lugar destaca o **aumento cuantitativo** das persoas maiores de 65 anos e dentro deste sector o relativo ós maiores de 80, que compoñen o envellecemento do envellecemento. Pasamos dunha sociedade na que había moitos nacementos e moitos falecementos a unha sociedade onde hai poucos nacementos e poucos falecementos. É como se ser maior fora cada día máis doado. Por iso a vellez xa non é patrimonio duns poucos. Cada día máis persoas acadamos idades moi avanzadas.

B) Destaca así mesmo a **alta porcentaxe de mulleres** en relación ós varóns maiores. Esta chegada masiva de mulleres ó colectivo de persoas maiores arrastra unha serie de aspectos que é necesario sinalar. A gran maioría destas mulleres realizou o seu proxecto vital no ámbito familiar e cumpriron un secular papel social de "**coi-dadoras**" de pais, sogros, maridos e fillos. Chegaron a idades avanzadas con poucos recursos económicos e carentes de redes sociais. Realizáronse no ámbito privado e elas, que foron o apoio natural de moitos durante longos períodos da súa vida, encóntranse agora que os seus fillos están lonxe e non poden apoiarse neles.

C) Hai un rasgo significativo das persoas maiores hoxe e é a súa **maior autonomía persoal**. Este aspecto é froito da dispersión familiar que a nosa sociedade industrial conleva, dos diversos modelos de familias, patriarcal, nuclear, monoparental que hoxe conviven, do goce dunha boa saúde persoal e dos mellores niveis económicos dos xubilados.

D) Outro cambio importante afecta a cómo pensamos ata o de agora que eran os maiores. Todos recordamos algúns clichés cos que definíamos ás persoas maiores unhas veces como vellos cascarrabias ou gruñóns, outras como avós bondadosos e pracenteiros, en definitiva, eran **estereotipos** que hoxe son falsos.

Recordemos algúns xa pasados de moda:

- **ser vello é igual a estar enfermo**
- **as persoas maiores son todas iguais**
- **xubilación é igual a vellez**
- **a vellez ten que ser triste e desgraciada**
- **os maiores son pasivos e non se interesan polo que ocorre ó seu arredor**
- **as persoas maiores non poden aprender nin cambiar**

E) Hai, finalmente, algo ó que se teñen que enfrentar tódolos maiores: **a dispoñibilidade de tempo libre**. A xubilación é unha conquista da

nosa sociedade e todos imos dispoñer de moito tempo que teremos que organizar para dar sentido á nosa vida. O ocio xa non pode se-la nai de tódolos vicios senón un tempo para vivir, para compartir, para disfrutar.

A educación social, un recurso para fomenta-lo envellecemento activo

Estes cambios e estas conquistas de maiores niveis de autonomía e benestar maniféstanse entre outros aspectos significativos nos desexos que teñen moitas persoas maiores en disfrutar do ocio empregando o seu tempo libre en actividades independentes da vida dos seus fillos. Este último aspecto está marcando novas tendencias nos modelos de ser maior porque moitos fixeron realidade o eslogan de "envellecer na casa", na súa propia casa, continuando coa dinámica cotiá que desenvolveron nos últimos anos, visitando ós fillos, saíndo con amigos, organizados en asociacións, tendo un amplo programa de actividades culturais e dedicando tempo para axudar a outros a través de programas de voluntariado social ou cultural.

Este novo modelo de ser maior, asumido polos profesionais e defendido pola maioría das políticas sociais é o que entendemos por envellecemento activo. Resúmese nunha serie de principios nalgúns dos cales a educación social ten moito que dicir:

- 1. Asumi-lo autocoidado. Vixiar e coida-la propia saúde**
- 2. Desenvolver actividades físicas**
- 3. Mante-la mente activa. Fomenta-los pensamentos positivos**
- 4. Ter variedade de intereses. Disfrutar do ocio individual e colectivo**
- 5. Fomenta-las relacións. Consolidar redes, vínculos e grupos de interese. Asociarse. Incorporarse a grupos de voluntariado. Dedicar tempo para axudar a outros**
- 6. Participar na vida comunitaria. Interesarse polo que sucede cerca e lonxe de nós. Desenvolver actividades novas, desexadas e que gratifiquen.**

Para conseguir este modelo de **envellecemento activo**, necesítase dispoñer dunha serie de recursos que dean resposta ás necesidades de estar informados, de ter lugares de encontro e convivencia, de desenvolver actividades formativas e de ocio, de participar na vida comunitaria e de acceder e disfrutar dos bens sociais e culturais. A educación social pode se-lo campo de acción onde os maiores encontren unha serie de profesionais que lles oferten programas para conservar-la vitalidade física, para seguir coa educación permanente, para sentirse útiles, para participar na vida social, en definitiva para envellecer activos.

Podemos afirmar que nos encontramos ante un dos novos campos de acción que se abren ós profesionais da educación social: traballar para fomentar UN ROL ACTIVO das persoas maiores que sexa SOCIALMENTE VALORADO, a través dos seguintes programas:

1. Desenvolvendo asociacións, grupos e actividades colectivas
2. Realizando actividades de formación permanente
3. Elaborando programas que capaciten nas novas tecnoloxías
4. Asesorando a participación en organizacións sociais e culturais

Isto supón que os educadores sociais traballen en institucións públicas e privadas, en centros de persoas maiores, en asociacións, en ONGs e en todas aquelas iniciativas que potencien o envellecemento activo. Porque ó posibilita-la participación das persoas maiores, conséguese mellora-la súa saúde física e psíquica xa que permanecen activas, aumentan as relacións sociais, descóbreanse novos estímulos e realízanse proxectos que obrigan a saír dun mesmo. Por iso a participación é un requisito de todo programa de educación social que pretenda abrir un camiño para comprometerse, para ser solidario e para sentirse mellor. Hoxe a educación social é un instrumento para conseguir que as persoas maiores do Século XXI vivan unha xubilación útil para os demais e gratificante para eles mesmos.

Investigación

Recordémo-las palabras de Vicente Aleixandre:

Vivir es conservar la capacidad de entusiasmo. Seguir vibrando por toda la vida que sientes a tu alrededor y participar en ella. Vivir es saberse vivo hasta el instante final. Los años sólo enriquecen.

Yo veo la vejez como un enriquecimiento; como un acumular saberes y experiencias. Pero también es una conservación de la vida. Y mientras se vive, se mantiene la capacidad de vivir, de sentir. La capacidad de entusiasmo.

Esos viejos que se sientan a esperar la muerte, ya no viven.
Mientras se vive hay que esperar la vida

Gonzalo Berzosa



GALEDUSO. EmotrionsOnCards, a ferramenta da educación emocional



A comunidade pedagóxica ten que adaptarse ó cambio da sociedade industrial á sociedade da información. A sociedade da información supón un paso de madurez do individuo como tal. Ante o fluír continuo de coñecementos, hai que tomar unha actitude activa ou a corrente arrastra e afoga. A comunidade educativa ten que buscar unha participación activa da sociedade, da súa creatividade e polo tanto do máis interno de cada un, as súas emocións.

A intelixencia emocional é o determinante da nosa felicidade. A Intelixencia emocional de cada persoa marca o éxito nas súas relacións humanas e moitas veces as profesionais, sobre todo, cando hai que xestionar grupos ou tratar con persoas todo o tempo. Pero, ante todo, é a ferramenta indispensable para que a persoa cree e sexa capaz de entrar na dinámica da sociedade da información. Nesta sociedade cada un de nós ten que ser receptor e comunicador e para iso, necesítase ter empatía, coñece-los sentimentos dos outros e sobre todo, os propios. Así, os individuos creativos son conscientes en todo momento das súas emocións. Son sensibles á dor, á alegría, á tristura e a tódalas emocións, é dicir, coñecen o que senten e extrapolano para sentirse mellor. Dende a comunidade educativa tense que fomentar nos nenos/as a capacidade de amosa-las súas emocións para que no futuro poidan vivir felices consigo mesmos, comprender mellor ós outros e conseguir as súas metas.

Desta idea nace en Galicia o xogo educativo: EmotrionsOnCards. Emotrions é un xogo de cartas e estratexia, que atrae ós nenos/as e rapaces/as, para que comencen a reflexionar sobre as súas emocións dunha maneira divertida. O formato cartas é moi usado entre os adolescentes debido ós xogos xaponeses como Pokemon. Este xogo ten unha finalidade combativa, xa que se adestran animais fantásticos para loitar entre si. Pola súa parte, en EmotrionsOnCards, cada carta simboliza unha emoción polo que os xogadores/as adestran as súas emocións, unha das aprendizaxes máis útiles na vida cotiá. As xogadas fan dominar as competencias fundamentais da intelixencia emocional: o coñecemento das propias emocións, a capacidade de controla-las propias emocións, o recoñecemento das emocións alleas, o control das emocións e a capacidade de motivarse a un mesmo. Emotrions é un recurso lúdico para introducir a educación emocional.

Deste modo dunha maneira lúdica, as persoas de tódalas idades reflexionan sobre as súas emocións, á vez que poñen a proba o seu enxeño. O xogo está dirixido a tódalas idades. Para cada idade hai un aspecto ou opción que aporta valor educativo.

- Acostumar ó neno a verbalizar sentimentos é un tema importante xa que gran parte das dificultades de comunicación en idades máis adultas proveñen da "mudez emocional", da incapacidade ou inhibición para identificar e verbaliza-las emocións que nos afectan, e comunicalas correctamente ós demais.
- A lóxica matemática do Estilo Estándar é perfecta para axudar a nenos de arredor de 10 anos a practicar, mediante o xogo, a suma e resta de valores positivos e negativos mesturados.
- Os adolescentes axudaralles a comprende-la necesidade de xestionar con habilidade esa fina e inextricable mestura de emocións propias e alleas que é a vida social adulta.
- A adolescentes e adultos Emotrions obrígalles a desenvolver conscientemente estratexias de negociación, priorización de obxectivos, seducción, a prestar máis atención a opcións aparentemente iguais pero con resultados globais diferentes, etc..
- Os propios adultos indúcelles a un nivel de reflexión acerca da importancia do control das emocións e os matices que separan a delgada liña que hai entre fracaso e éxito.

Tareixa Barberena.

Xornalista e Responsable do Departamento de Comunicación Social de TriangolStrategy

2003: ANO EUROPEO DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE

O 2003 foi o Ano Europeo das Persoas con Discapacidade. O obxectivo deste evento foi dirixi-lo proceso cara á consecución da plena igualdade dos dereitos das persoas con discapacidade. As expectativas de todos neste eixo foron moi altas á espera de resultados concretos: accións no ámbito nacional para loitar contra a discriminación, novas iniciativas e novas e máis fortes alianzas.

Existen 37 millóns de razóns: 37 millóns de persoas con discapacidade na Unión Europea. É dicir, unha de cada dez. Motivo máis que suficiente para loitar por unha igualdade de dereitos. A discapacidade non impide participar no mercado laboral, na contribución na política, na vida académica, no vecindario, na vida familiar e no círculo de amizades. Sen embargo, si existen dificultades á hora de recibi-lo mesmo trato que o resto da sociedade que compartimos.



Un recente estudio europeo mostra que existe un gran descoñecemento sobre o que é a discapacidade e a cánta xente afecta. As persoas discapacitadas son cidadáns con pleno dereito a falar por si mesmos, xa que o futuro é de todos, e todos témo-lo dereito de ter recoñecidos os nosos deberes e as nosas obrigas indifrentemente de quen ou cómo sexamos.

Os principais obxectivos do Ano Europeo das Persoas con Discapacidade céntranse en:

- A sensibilización da opinión pública sobre os dereitos destas persoas.
- A promoción de medidas en favor da igualdade de oportunidades.
- O intercambio de experiencias e boas prácticas.
- A intensificación da cooperación entre os distintos axentes implicados: gobernos, interlocutores sociais, ONGs, profesionais sector privado, voluntariado, persoas con discapacidade e familias.
- A mellora da comunicación sobre a discapacidade e a promoción dunha imaxe positiva destas persoas.
- A sensibilización sobre as múltiples formas de discriminación ás que se enfrontan estas persoas así como da heteroxeneidade da discapacidade e as súas múltiples manifestacións.
- Unha especial atención á concienciación sobre o dereito dos nenos e mozos con discapacidade á igualdade do ensino, coa finalidade de mellora-la integración dos alumnos e estudantes con necesidades específicas nos centros ordinarios ou especializados, así coma nos programas de intercambio nacionais e europeos.

Durante todo o ano desenvolvéronse múltiples actividades e actos nos distintos países participantes. Os Estados membros estiveron conectados entre si mediante unha Marcha que, contando co apoio dun autobús promocional, partiu de Grecia en xaneiro de 2003 e atravesou toda Europa, finalizando o seu percorrido en Italia en decembro de 2003 e deixando tras de si milleiros de actividades e eventos a escala local e nacional relacionados co tema: festivais, debates, asociacións, conferencias, protestas, festas, actos de presión e moito máis.

O Ano Europeo das Persoas con Discapacidade foi organizado pola Comisión Europea, coa colaboración do Fondo Europeo para a Discapacidade (EDF).

EDF é unha organización europea que aglutina a varios grupos, representando a máis de 37 millóns de persoas discapacitadas en Europa. No ámbito nacional, o evento estivo coordinado polos Órganos Nacionais de Coordinación (NCB), formados por expertos en discapacidades de varias organizacións non gobernamentais e ministerios.

(Para máis información pódese consulta-la páxina web oficial do Ano Europeo das Persoas con Discapacidade: *Año Europeo de las Personas con Discapacidad - 2003*: <http://www.eypd2003.org>)

VOLVE-LO SÁBADO QUE VÉN:

Plan de Galicia sobre Drogas. 2003



España é xunto con Portugal e Grecia un dos países europeos con maiores taxas de accidentalidade por tráfico; estes accidentes de tráfico supoñen unha das cinco primeiras causas de morte e concretamente a primeira causa da mortalidade entre os homes entre os 15 e os 29 anos.

Intentando dilucidar os factores que interveñen na xénese dos accidentes de tráfico, pódese observar

que a gran maioría teñen unha causa común os erros humanos: velocidade, alcohol e outras drogas psicoactivas, fatiga, distraccións e exceso de confianza son os causantes da totalidade deles e a maioría son susceptibles de prevención.

"VOLVE-LO SÁBADO QUE VÉN", é o lema desta experiencia desenvolvida en autoescolas nos concellos de Catoira, Dodro, Pontecesures, Padrón, Valga

Práctica Profesional

e Rois, unha acción caracterizada pola gran receptividade, tanto entre profesores e propietarios, como, o que é máis importante, entre os alumnos.

O Plan de Galicia sobre Drogas, impulsou esta iniciativa como resultado da observación das cifras de alcoholismo, e no ano 1997 propúxose a elaboración dun programa de prevención neste ámbito.

Para concretar en cifras referentes ó alcoholismo, un de cada tres mortos en accidentes de tráfico é menor de 25 anos, cando só representa ó 17 % dos condutores; dos cales o 50,1% segundo o Instituto Nacional de Toxicoloxía, presenta un nivel de alcoholemia por encima do 0`8 g/l. Nun estudio do Servicio de Toxicoloxía da Universidade de Santiago revela que o 77% dos condutores galegos implicados nun accidente de tráfico inxerira alcohol, mentres que só un 23% non contaba con esta substancia no sangue.

Modelo e antecedentes

Zuker e Noll (1982) xa presentan a necesidade de realizar intervencións nas cales se fomenta o coñecemento sobre os efectos do alcohol nas persoas e na sociedade, e se empreguen estratexias educativas para o cambio de actitudes.

Kayser, R.E.; Schippers, G.M.; Van der Staak, C.P. (1996), desenvolveron un programa similar a este obtendo resultados moi significativos.

Difusión e metodoloxía

Logo do contacto coa xefatura provincial de Tráfico de Pontevedra para comprobar se dispoñían dun programa para intervir nas autoescolas e trala comprobación da súa inexistencia, comézase a elaborar co asesoramento técnico dos profesionais de dita xefatura, a que mostrou en todo momento gran interese para que se chegase a desenvolver. O resultado é un caderno de traballo que se lles entrega un a cada alumno/a para que lles sexa máis doado segui-la explicación, e fomenta a involucración no seguimento do mesmo a través duns exercicios colocados estratexicamente para comprobar se comprenden o que se leva explicado.

Unha vez desenvolvido o programa tomouse contac-

to cos propietarios das autoescolas existentes na zona para proceder á explicación dos obxectivos do programa; despois dunha negociación conseguiuase a participación do cento por cento delas.

Aínda que nun principio, e dada a extensión do programa, realizábase en dúas sesións de aproximadamente hora e media cada unha e cun intervalo temporal de aproximadamente sete días, finalmente por unha cuestión de operatividade decidiuse trocar por unha soa sesión de dúas horas. Esta sesión fíxose pola propia autoescola para non afectar a preparación para os exames. Asistiuse entre dúas ou tres veces por ano a unha delas sempre no mes de xullo/agosto que é cando maior número de mozos se matriculan. Resultaba importante non avisar das sesións preparadas ós alumnos xa que do contrario moitos decidirían non quedarse.

Resultados

Con este programa conseguiuase chegar a uns 250-300 mozos da comarca cada ano.

No 1999 realizouse un estudio para comprobar se realmente co programa os alumnos e alumnas trocaban en coñecementos sobre o alcohol, actitudes ante a embriaguez propia ou allea, etc.

Utilizando un pre/pos test e como técnica un Chi-2, encontráronse diferencias significativas entre antes de aplicar o programa e despois aumentando os coñecementos sobre o alcohol, as actitudes e as intencións no seu propio comportamento así como un efecto positivo en canto a acompañar a un condutor (amigo/a ou coñecido/a) intoxicado.

Conclusións

O programa ten unha boa aceptación por parte dos propietarios das autoescolas así como pola maioría dos alumnos/as, os cales consideran necesario levar accións encamiñadas a reduci-lo número de mozos que conducen baixo os efectos do alcohol.

Os encargados do programa consideran necesario e fundamental aproveita-la oportunidade de ter a tantos mozos xuntos para intentar sensibilizalos de que o importante é "volve-lo sábado que vén".



CONTIDO DO PROGRAMA

- Presentación:

A situación actual: realízase unha breve descrición do problema achegando cifras obxectivas do número de accidentados, lesionados, feridos graves, mortos, etc.

A ilusión de Invulnerabilidade: preténdese explicar que foi xustamente esta sensación a que posuíron tódalas persoas que tiveron o último accidente de tráfico, críanse menos vulnerables (tiñan menos probabilidades) con respecto ós demais a padecer un accidente de tráfico.

Alcohol e conducción:

- Costumes e hábitos sociais.
- A influencia da publicidade.
- ¿Que é o alcohol?.
- Tipos de bebidas alcohólicas.
- Grao alcohólico.
- Uso e abuso.
- Fases da metabolización do alcohol.
- Alcoholemia: factores que a determinan.
- Cálculo da alcoholemia.
- Mitos e crenzas sobre o alcohol.

Efectos que produce o alcohol: efectos segundo o seu nivel en sangue.

Recomendacións en caso de ter pensado abusar do alcohol: con esta parte preténdese a redución de danos.

Medicamentos e conducción:

- Factores que interveñen.
- Principais grupos de medicamentos que interfíren na capacidade para conducir.
- Automedicación.
- Drogas de abuso e conducción.

Fonte:
Plan de Galicia sobre Drogas. 2003. Boletín nº 5.

Cesg informa


IV CONGRESO ESTATAL DO EDUCADOR SOCIAL

O Colexio de Educadores Sociais de Galicia (CESG) xunto coa Asociación Estatal de Educación Social (ASEDES) está a organiza-lo IV Congreso Estatal do Educador Social, que terá lugar no Pazo de Congressos de Santiago de Compostela os días 30 de setembro, 1 e 2 de outubro de 2004, ano Xacobeo.

Este Congreso xorde como continuación dos anteriormente celebrados en Murcia, no ano 1995, en Madrid, no ano 1998 e en Barcelona no 2001. Todos eles tiveron grande éxito, e supuxeron avances dentro da Educación Social, polo que pretendemos que éste que estamos a organizar supere o nivel dos anteriores.

Nesta ocasión levará por título *Políticas socioeducativas "Retos e propostas no século XXI"*. Trátase de ofertar e suxerir pautas que orienten o marco normativo, de cara á mellora da calidade dos servizos e das prácticas das distintas administracións públicas e entidades privadas.

Polo de agora fixemos a difusión de 30.000 exemplares de folletos informativos por toda España e norte de Portugal. O resultado que isto está dando é bastante positivo, xa que recibimos máis de 200 preinscricións, e continuamente chegan e-mails solicitando información.



O que nos ocupa nestes intres é a elaboración do programa, que pretendemos sexa atractivo para tódolos interesados en acudir ó Congreso. Nel incluímos dende o programa científico con ponencias, mesas redondas e grupos de traballo ata actos lúdicos, información sobre aloxamentos, transporte, etc. E esperamos que vexa a luz entre os meses de febreiro e marzo.

Tamén estamos a elabora-la páxina web do Congreso, na que pretendemos incluír toda a información sobre o mesmo. Ata o de agora podedes consulta-la páxina web do CESG (www.colexioeducadores.com) e a de ASEDES (www.eduso.net)



XORNADAS SOBRE XERONTOLOXÍA E EDUCACIÓN SOCIAL

O pasado 7 de Novembro tiveron lugar no salón de actos da Fundación Caixa Galicia da Coruña as Xornadas sobre Xerontoloxía e Educación Social, organizadas polo Colexio de Educadores Sociais de Galicia, coa colaboración da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais e da Obra Social Caixa Galicia.

Con estas xornadas pretendíase coñecer e analiza-lo traballo e a situación profesional do Educador/a Social no eido da Xerontoloxía, creando á vez un espazo de debate e de intercambio de experiencias.

A Inauguración das Xornadas correu a cargo da Excm. Sra. D^{ca} M^{ca} José Cimadevila, Conselleira de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais; de D. José Luís Álvarez, Director Xeral Adxunto de Relacións Institucionais de Caixa Galicia, e de D. Alberto Fernández de Sanmamed, presidente do CESG.

Seguidamente tivo lugar a conferencia inaugural: "A necesidade do Educador/a Social en Xerontoloxía", da que se encargaron D^{ca} M^{ca} Carmen Gómez Freire, D^{ca} Raquel Ramos Seijas e D^{ca} Paloma Seijo Anca, todas elas educadoras sociais traballadoras no ámbito xerontolóxico e compoñentes do Grupo de Traballo de Xerontoloxía do CESG. Na súa intervención fixeron unha pequena contextualización demográfica, describiron o papel do/a educador/a no ámbito da terceira idade, os destinatarios do mesmo e os recursos destinados ás persoas maiores nos que os profesionais da Educación Social podemos levar a cabo a nosa labor.



José Luís Álvarez, M^{ca} José Cimadevila e Alberto Fernández durante o acto inaugural

Na mesa redonda "Os/As Educadores/as Sociais nos recursos asistenciais xeriatrícos" participaron D^{ca} Graciela Dios García, educadora social e xerontóloga do Concello de Tui; D^{ca} Ánxela Paz Rodríguez, educadora social da Residencia Laraxe de Cabanas; D^{ca} Eva Moure García, educadora social da Fundación San Rosendo de Ourense, e como moderador D. Juan José Castro, responsable do Programa de Maiores da Obra Social de Caixa Galicia. Presentaron diferentes experiencias profesionais ligadas ó ámbito da terceira idade desde tres marcos de traballo diferentes.

A última das conferencias correu a cargo do reconecido especialista Gonzalo Berzosa Zaballos, psicólogo, xerontólogo, director dos Cursos Universitarios de Formación en Xerontoloxía da Universidade Complutense de Madrid, e director do Instituto de Formación en Gerontología y Servicios Sociales (INGESS). A conferencia levaba o título "O/A Educador/a Social, un/unha novo/a profesional para un novo modelo de ser maior. Principais campos de actuación". Berzosa pronunciou unha conferencia brillante e amena, na que mencionou os recursos e programas dirixidos á terceira idade nos que os educadores/as sociais temos un papel que desenvolver.

Os encargados da clausura do Acto foron a Sra. D^{ca} Elisa Madarro, Delegada da Consellería de Servicios Sociais, Emprego e Relacións Laborais; D. Miguel Ángel Vázquez Vázquez, médico xeriatra, profesor de xeriatría da Universidade de Vigo e Asesor do CESG, e o Sr. D. Manuel Aguilar López, director da Obra Social Caixa Galicia.

O educador/a social é un profesional de nivel técnico universitario, capacitado para intervir tanto coas persoas maiores directamente (prevención da discapacidade e a dependencia; programas de lecer, programas de preparación para a xubilación, etc.), senón tamén cos seus coidadores, as súas familias, os outros profesionais vinculados á terceira idade, o voluntariado, os estudantes en prácticas e a sociedade en xeral.

Deste xeito, os educadores/as contribuímos á mellora da calidade de vida e da atención dos maiores e a un envellecemento satisfactorio, mediante o uso de recursos non só terapéuticos senón tamén preventivos.

O envellecemento da poboación que se vén dando dende a segunda metade do século XX a nivel mundial, e que se acentúa no noso país e na nosa comunidade, fai que o colectivo das persoas maiores cobre peso na sociedade actual, abríndose así un ámbito de traballo en expansión de cara ó futuro, no que os educadores/as sociais teremos un amplo espazo profesional.

Cesg informa

EDUCACIÓN SOCIAL PARA A MEDIACIÓN EN CONFLICTOS

As primeiras experiencias de mediación tiveron lugar nos Estados Unidos entre grupos étnicos distintos como prevención para que os conflitos sociais non desembocasen en episodios delictivos. O éxito neste campo fixo que se estendera a outras áreas e na actualidade o familiar é un dos ámbitos nos que a mediación está máis asentada. A mediación familiar é un procedemento extraxudicial e voluntario entre persoas en conflito, no que un profesional especializado lles proporciona axuda para que eles mesmos negocien na procura dunha solución de xeito tal que ambos se sintan mutuamente satisfeitos.

Na nosa comunidade, a mediación familiar aparece regulada na lei 4/2001, do 31 de maio, reguladora da mediación familiar (DOG do 18 de xuño) e no Decreto 159/2003, do 31 de xaneiro, polo que se regula a figura do mediador familiar, o Rexistro de Mediadores Familiares de Galicia e o recoñecemento da mediación gratuíta (DOG do 18 de febreiro e corrección de erros DOG do 4 de marzo). A Consellería de Familia, Xuventude e Voluntariado dispón dun Rexistro de Mediadores Familiares no cal, cumprindo unha serie de requisitos, poden inscribirse os/as educadores/as sociais.

A Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado e o CESG firmaron un convenio de colaboración que esixe que o colexio oferte formación relacionada coa mediación, e en virtude do mesmo, celebrouse recentemente o curso "Educación Social para a mediación de conflitos. Introducción a novos modelos en mediación", organizado polo CESG e impartido pola Asociación Interdisciplinaria Española de Estudos de la Familia (AIEEF).

O curso, cunha duración de 30 horas, foi impartido os días 28 e 29 de novembro e 12 e 13 de decembro de 2003. Os contidos do curso versaron sobre diversos aspectos de mediación: definición; antecedentes e evolución; principios; fases; comparación con outros métodos de resolución de conflitos (arbitraje, negociación, etc.); manexo dos afectos; diferentes modelos de mediación, técnicas de mediación...

Dada a satisfacción dos asistentes ó curso e a longa lista de espera rexistrada durante o período de inscrición, dende o CESG queremos agradecerlles ós participantes e a todos aqueles que non puideron acudir, a súa implicación e interese. Así mesmo, o CESG estase a plantexar unha segunda edición do mesmo curso ou ben unha ampliación dos contidos analizados nesta primeira toma de contacto coa mediación.

O responsable de analizar toda a temática desenvolvida durante a impartición do curso conta cunha experiencia ampla no campo da mediación: D. Santiago Miranzo de Mateo.

A continuación destacamos o máis relevante do exercicio da súa profesión:

- Avogado e Mediador Familiar.
- Docente e Director do Departamento de Mediación Escolar da Asociación Interdisciplinaria Española de Estudos de la Familia (AIEEF).
- Mediador e Asesor Legal no Centro de Atención á Familia das Escolas Profesionais Padre Piquer, conveniado co Instituto Universitario de Familia da Universidade Pontificia Comillas de Madrid.
- Asesor Legal de inmigrantes na Federación de Asociacións de Mulleres Concepción Arenal.




Momento de reflexión e debate entre o docente e os asistentes ó curso.



Actividade puntual de role playing na que se simula unha sesión de mediación familiar en caso de separación dos cónxuxes.

O proceso de xestora no colexio de educadores sociais de Galicia

Organigrama do proceso constituínte



A Asemblea Constituinte

A creación do Colexio de Educadores Sociais de Galicia debe a súa razón de ser ó esforzo continuo que dende principios dos 90 levou a cabo un colectivo denominado "Asociación Profesional de Educadores e Educadoras Sociais de Galicia" (AESG), entidade de gran arraigo para os Educadores e Educadoras do sector.

Un dos grandes logros da AESG recae na celebración do acto de presentación pública da solicitude de creación do Colexio de Educadores Sociais de Galicia que ten lugar o 24 de Setembro de 1999 no salón de actos de San Caetano – Xunta de Galicia.

O 22 de decembro de 2000 acadouse, tras catro anos de múltiples negociacións por parte da AESG, a aprobación no pleno do Parlamento de Galicia - por unanimidade - da "Lei do Colexio de Educadores Sociais de Galicia", e o 1 de febreiro de 2001 entrou en vigor.

Con esta proposta, feita hoxe realidade, conseguiu-se dar un salto cualitativo no enfoque da nosa razón de ser como colectivo, ó acadar un instrumento útil para o noso espacio profesional.

- Un punto de encontro e de integración dos diferentes perfís e itinerarios formativos e experiencias que configuran a realidade da Educación Social do presente. Así a través da Habilitación Profesional o colexio galego abre o camiño ó recoñecemento do traballo cotián que dende antano se ten vido desenvolvendo e, gracias ó cal, se construíu esta innovadora profesión.
- Un instrumento útil como referente social, cun maior recoñecemento e maior poder de intervención na defensa da práctica profesional dos/as Educadores/as Sociais.

O 18 de Abril de 2001 constitúese a Comisión Xestora do CESG.

O 19 de Xuño de 2001 constitúese a Comisión de Habilitación do CESG, que ten por obxecto revisar e valora-los expedientes das persoas que quixeran optar á habilitación profesional como Educadores/as Sociais na nosa autonomía co marco da Lei 1/2001 de Creación do Colexio Profesional de Educadores Sociais de Galicia, onde fai referencia ós supostos e condicións necesarias para optar á mesma.

Os expedientes son revisados e quedan aprobados, se cumpren os requisitos da Lei, pola Comisión de Habilitación.

Esta comisión está formada polos membros da Comisión Xestora, tres membros/as dos tres campus onde se imparte a Diplomatura en Educación Social, máis tres expertos/as.

Esta Comisión reuniuse ó menos unha vez ó mes, e con maior frecuencia na medida en que se incrementou o número de solicitudes, xa que a Lei nos fixaba unha data tope para remata-lo proceso.

O total de reunións mantidas foi de 16.

Nas primeiras reunións de Comisión Habilitadora elaborouse un "Documento de Réxime Interno" polo que se regulou o funcionamento da propia Comisión Habilitadora, xunto cun "Documento Base" no que se definiron, entre outras:

- As titulacións específicas admitidas.
- Os ámbitos laborais que se corresponden co perfil profesional do/a Educador/a Social.
- As diversas denominacións acadadas ó longo do tempo pola profesión.

O total de solicitudes de habilitación recibidas por esta comisión foi de 4568, das cales 884 eran da Comunidade Autónoma Galicia.

Como culminación do proceso de Xestora, o CESG celebrou o día 24 de Maio de 2003 a súa Asemblea Constituinte no Pazo de Congressos de Santiago.

Nesta **primeira Asemblea Xeral** de Colexiados/as levouse a cabo:

- **A aprobación do traballo desempeñado polas Comisións Xestora e Habilitadora.**
- **A aprobación dos seus Estatutos Definitivos**, documento marco que establecerá as normas de convivencia e actuación do CESG.
- **A elección da Xunta de Goberno** que levará as rendas do CESG durante os próximos catro anos, com-

A Asemblea Constituinte

posta polos seguintes membros:

Alberto Fdez. de Sanmamed Santos
M^a José Fernández Barreiro
Alfonso Tembrás López
Jorge A. Piñeiro Grandal
Lucía Mosquera Miramontes
Genma Álvarez Comesaña
Luis Ángel Velasco Vaz
M^a del Carmen Gómez Freire
Eva M^a López Soto
Susana Coromoto González Garrido
Diego Parajó Naveira
Luis Álvaro Benavides González

- **A aprobación dos Obxectivos da 1^a Xunta de Goberno do CESG para o Período 2003-2007.**


Este Acto supuxo, pois, o definitivo asentamento e recoñecemento da nosa organización como Colexio Profesional, o segundo Colexio de Educadores Sociais de España.

Deste xeito, termina un longo proceso de constitución no que se volcaron moitos esforzos e comeza a nova etapa como Organismo Oficial recoñecido pola Consellería de Xustiza, que ten como **funcións principais**:


- Ordenar e regula-lo exercicio profesional.
- Representar e defende-los intereses xerais da profesión.
- Velar para que a actividade profesional dos Educadores/as Sociais se adecúe ós intereses e ó respecto dos dereitos dos cidadáns.
- Conseguir unha mellora das prestacións profesionais e da formación.
- Cooperar na mellora da Diplomatura de Educación Social.
- Colaborar coas administracións en todo o relativo á Educación Social.
- Promove-lo recoñecemento social e profesional da Educación Social.

Estatísticas das habilitacións

Solicitudes de habilitación




Solicitudes de habilitación en Galicia




A Asemblea Constituinte

Nº de solicitudes por comunidades




Galicia	863
Canarias	61
Cataluña	1747
Castilla León	116
Andalucía	226
Valencia	376
Baleares	130
Madrid	337
Murcia	84
Euskadi	170
Castilla La Mancha	169
Aragón	170
Cantabria	34
Extremadura	19
Navarra	24
Asturias	38
La Rioja	4
TOTAL	4568

Solicitudes afirmativas de Galicia




Solicitudes negativas de Galicia



Motivos de denegación das solicitudes de habilitación

Datos referentes a Galicia



Obxectivos da primeira Xunta de Goberno do CESG período 2003-2007

As liñas básicas de actuación do CESG serán as seguintes:

- Apertura e pluralidade
- Participación e implicación dos/as colexiados/as
- Promoción activa da profesión
- Calidade e deontoloxía de práctica profesional

Obxectivos respecto á Educación Social e á Sociedade:

1. Promociona-la figura do Educador e da Educadora Social.
2. Consolida-la presenza social dos/as Educadores/as Sociais.
3. Potencia-lo CESG como referente social dos/las Educadores/as Sociais en tódolos ámbitos.
4. Traballar por unha práctica ética e de calidade das Educadoras e dos Educadores que melloren a sociedade en xeral.
5. Potencia-las relacións institucionais e representativas do CESG.
6. Representar e defende-los dereitos profesionais dos/as Educadores/as.
7. Representar e defende-los dereitos sociais das persoas.
8. Profundizar no estudo dos ámbitos de actuación dos/as Educadores/as sociais e na súa realidade profesional.

Obxectivos respecto ós/ás colexiados/as:

1. Promove-la participación dos/as colexiados/as en tódalas actuacións do Colexio.
2. Incidir nos aspectos que poidan logra-la mellora da calidade das prestacións profesionais dos/as colexiados/as, especialmente a formación continua.
3. Dar resposta, no posible, ás lexítimas demandas dos colexiados/as.
4. Establecer vías áxiles de comunicación cos colexiados/as, que permitan facer chegar toda a información do CESG e outras de interese.
5. Promove-la investigación e intercambio de experiencias entre os/as Educadores/as Sociais.
6. Crea-las dinámicas de traballo que analicen e potencien as necesidades do colectivo profesional.
7. Promove-los servizos necesarios e útiles para os/as colexiados/as.

Obxectivos respecto ás relacións exteriores do CESG:

1. Promover dinámicas de traballo conxuntas coas institucións galegas, especialmente administracións públicas, universidades e outros colexios profesionais.
2. Cooperar na mellora dos estudos conducentes á obtención dos títulos universitarios de Educación Social.
3. Fomenta-las relacións con outras organizacións de Educadores/as Sociais do Estado e a participación en asociacións estatais e internacionais.
4. Incrementa-las relacións institucionais do CESG e a súa participación en tódolos ámbitos relacionados coa Educación Social.
5. Potencia-la participación dos/as Educadores/as Sociais en tódolos órganos onde poidan aportar-la súa formación e experiencia.

Obxectivos respecto ó traballo interno do CESG:

1. Crear e consolida-la estrutura do CESG.
2. Crear potencia-las seccións profesionais.
3. Crea-las estruturas necesarias para potencia-la participación dos/as colexiados/as nas dinámicas internas do CESG.
4. Desenvolve-los canais de comunicación necesarios cos/as colexiados/as e as institucións en xeral.
5. Consegui-los recursos humanos e técnicos necesarios para a consecución dos obxectivos anteriores.

Barco de papel

Esta sección intenta recoller información sobre bibliografía interesante relacionada con distintos ámbitos da Educación Social, páxinas web de contido educativo, proxectos sociais, etc...

Por este motivo, animámosvos a participar enviando ó CESG información que teñades da vosa man e que consideredes que sería interesante dar a coñecer.



Bibliografía

- BALLESTER BRAGE, L.: *Las necesidades sociales*. Ed. Síntesis.
- LIMÓN, M.R. e CRESPO, CARBONERO J.A.: *Grupos de debate para mayores. Guía práctica para animadores*. Ed. Narcea. 2002.
- MONDRAGÓN, J. e TRIGUEROS, I.: *Intervención con menores. Acción socioeducativa*. Ed. Narcea. 2002.
- BOUTIN, G. e DURNING, P.: *Intervenciones socioeducativas en el medio familiar*. Ed. Narcea. 1997.
- MIGUEL, S. de: *Perfil del animador sociocultural*. Ed. Narcea. 1995.
- GUERRERO, C.: *Formación ocupacional de las personas con discapacidad psíquica*. Ed. Ariel. 2002.
- ESPADA SÁNCHEZ, J. P. e MÉNDEZ CARRILLO, F. X.:

Programa SALUDA. Prevención del abuso del alcohol y del consumo de drogas de síntesis. Ed. Pirámide. Madrid. 2003.

- GARAIGORDOBIL LANDAZABAL, M.: *Programa JUEGO. Juegos cooperativos y creativos para grupos de niños de 8 a 10 años*. Ed. Pirámide. Madrid. 2003.
- FRANCH, J. e MARTINELL, A.: *Animar un proyecto de educación social. La intervención en el tiempo libre*. Ed. Paidós. 1994.
- FRIED, D. e SCHNITMAN, J.: *Resolución de conflictos. Nuevos diseños...* Ed. Granica
- ESCARBAJAL, A.: *La educación Social en marcha*. Ed. Nau Llibres.
- VALVERDE MOLINA, J.: *La cárcel y sus consecuencias. La intervención sobre la conducta desadaptada* Ed. Popular.



Internet



Esperi

O proxecto ESPERI está sendo levado a cabo pola Fundación Iberdrola, Fundación Internacional O'Belén e Fundación Accenture, e ten como obxecto a prevención dos trastornos do comportamento na infancia e na adolescencia. Esta iniciativa procura técnicas de diagnóstico precoz, ferramentas para a súa intervención e a creación dunha guía de recursos socio-sanitarios relacionados co tema.

www.proyectosesperí.com

Caja Mágica

La caja mágica é un proxecto de animación á lectura e á escritura por medio da rede internet que intenta despertar a imaxinación dos nenos e nenas. A páxina está creada por Carmen Ramos, escritora de contos infantís. www.cajamagica.net





Dinámicas de grupo.

Esta páxina está elaborada polo Grupo de Tempo Libre Santa Lucía, e presenta unha completa recompilación de dinámicas para realizar con grupos recollidas de diversas páxinas de internet. Pretende ser de axuda para monitores/as e educadores/as que traballan con grupos.

www.geocities.com/tlstalucia/dinamica/dinamica.html

Buzón opinable



· "En todas las épocas hay partidarios y adversarios del orden establecido, conservadores y revolucionarios, conformistas y rebeldes, personas comprometidas con las luchas del momento y otras que se muestran indiferentes. (...)

He aquí una lista de los países con los que los Estados Unidos han estado en guerra, y a los que han bombardeado desde la Segunda Guerra Mundial: China (1945-1946 y 1950-1953), Corea (1950-1953), Guatemala (1954 y 1967-1969), Indonesia (1958), Cuba (1959-1960), La República Democrática del Congo (1964), Perú (1965), Laos (1964-1973), Vietnam (1961-1973); Camboya (1969-1970), Granada (1983), Libia (1986), El Salvador (los años 80), Nicaragua (los años 80), Panamá (1989), Iraq (1991-1999), Bosnia (1995), Sudán (1998), Yugoslavia (1999) y en estos momentos Afganistán."


· "Actualmente en la India se habla sin cesar del "mercado libre", reformas, privatizaciones y desmantelamiento del "imperio de las licencias para todo", en nombre de animar a los empresarios emprendedores y acabar con la corrupción. (...)

Si tanto preocupa la contaminación a nuestras autoridades y tribunales, ¿cómo es que han mostrado tan poco entusiasmo por regular las actividades de las grandes fábricas propiedad de los grupos industriales importantes, que han contaminado ríos, dejado sin árboles los bosques, esquilado y contaminado las aguas subterráneas y destruido las vidas de miles de personas que dependían de esos recursos para sobrevivir? (...)

Esta es nuestra versión casera de las imposiciones del Primer Mundo en el debate acerca del calentamiento global, es decir, nosotros contaminamos y vosotros pagáis."

Extraído da obra de ARUNDHATI ROY: El álgebra de la justicia infinita. 2003

IV



congreso estatal do educador social

Políticas socioeducativas
"RETOS E PROPOSTAS
NO SECULO XXI"

Santiago de Compostela
Pazo de Congresos de Galicia

do 30 setembro
ó 2 de outubro de **2004**

organiza:



Colexio de Educadores
Sociais de Galicia

coorganiza:



ASEDES
Asociación Estatal

2 0 0 4 a n o x a c o b e o